GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

# ARQUITECTURA

M. Elia Gutiérrez-Mozo
Ana Gilsanz-Díaz
Carlos Barberà-Pastor
José Parra-Martínez

2023
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

# ARQUITECTURA

M. Elia Gutiérrez-Mozo
Ana Gilsanz-Díaz
Carlos Barberà-Pastor
José Parra-Martínez

2023
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

**GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO**

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da Xarxa Vives d'Universitats

**Elena VILLATORO BOAN**, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación da Vida Laboral e Familiar, Universitat Abat Oliba CEU • **M. José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universitat d'Alacant • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora do Reitorado en Internacionalización e Relacións Institucionais, Universitat d'Andorra • **Maria PRATS FERRET**, directora do Observatorio para a Igualdade, Universitat Autònoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat CEU Cardenal Herrera • **Anna Maria PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universitat de Girona • **Esperanza BOSCH FIOL**, directora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universitat de les Illes Balears • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universitat Internacional de Catalunya • **Mercedes ALCAÑIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universitat de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Miguel Hernández d'Elx • **Maria OLIVELLA QUINTANA**, coordinadora da Unidade de Igualdade, Universitat Oberta de Catalunya • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universitat de Perpinyà Via Domitia • **Silvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universitat Politècnica de Catalunya • **María Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universitat Politècnica de València • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de Relacións Internacionais e Estudantes, Universitat Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universitat Rovira i Virgili • **Amparo MAÑÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de València • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya

**Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela**

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, 2023, desta edición

**Tradución**
Traducciones Sprint
**Edición técnica**
Edicións USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions
**Deseño e maquetación**
José María Gairí

**Edición dixital en acceso aberto**

Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0
https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl

# ••ÍNDICE


Presentación ..... 5

Artes e Humanidades ..... 7

Ciencias Sociais e Xurídicas ..... 7

Ciencias ..... 7

Ciencias da Vida ..... 7

Enxeñarías e Arquitectura ..... 8

01. Introdución ..... 9

02. A cegueira ao xénero e as súas implicacións ..... 11

03. Propopostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia ..... 15

04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na docencia da arquitectura ..... 20

Obxectivos ..... 23

ARQUITECTAS PRODUTORAS ..... 23

PROMOTORAS, CONSTRUTORAS E USUARIAS ..... 24

O FEMININO COMO VALOR ENGADIDO NA ARQUITECTURA ..... 25

Contidos ..... 25

EXPRESIÓN GRÁFICA ARQUITECTÓNICA ..... 25

CONSTRUCIÓNS ARQUITECTÓNICAS ..... 27

COMPOSICIÓN ARQUITECTÓNICA E URBANISMO ..... 28

Avaliación ..... 32

Modalidades organizativas das dinámicas docentes ..... 34

Métodos docentes ..... 35

05. Recursos docentes para introducir a perspectiva de xénero ..... 39

06. Ensinar a investigar con perspectiva de xénero ... 43

07. Recursos pedagóxicos ... 50

Grupos e proxectos de investigación ... 50

Plans docentes. Materias específicas ... 50

Asociacións. Grupos. Colectivos. Foros de debate ... 51

CONGRESOS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA E XÉNERO ... 51

Guías. Manuais ... 52

Bibliografía de referencia ... 54

08. Referencias bibliográficas ... 62

# • • Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? No eido universitario, a perspectiva de xénero ou *gender mainstreaming* é unha política integral de promoción da igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, que son todas áreas afectadas por distintos nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en consideración as características, as necesidades e os intereses tanto das mulleres como dos homes, e discirnan os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e a masculinidade (xéneros) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives d'Universitats [Rede Vives de Universidades (XVU)] promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, sobre todo no ámbito de acción da perspectiva de xénero. Cómpre lembrar que as políticas que non teñen en conta eses roles e esas necesidades diversas e que, daquela, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, mediante a que lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, achegándolle fontes de referencia e autoridade académica co fin de fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia do coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta varios beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha banda, ao profundar na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, xa teóricas, xa empíricas, que se producen ao partir do home como referente universal ou ao non ter en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes.

Xa que logo, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, as tecnoloxías e as innovacións (re)producidos. Doutra banda, fornecer o alumnado de ferramentas novas para identificar os estereotipos, as normas e os roles sociais de xénero contribúe a desenvolver un espírito crítico de seu e a adquirir competencias que lle permiten evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas para garantir a atención á diversidade de estudantes.

O documento que ten nas mans é froito do plan de traballo do Grupo de Traballo en Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero na docencia e a investigación universitarias. O informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les universitats de la Xarxa Vives. Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), confirmou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria aínda é un desafío pendente, malia o marco normativo vixente a nivel estatal, europeo e dos territorios da XVU.

Un dos retos principais que se identificou no informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao é a necesidade de formar o profesorado nesa competencia. Nesa liña, sinálase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden ao profesorado a impartir unha docencia sensible ao xénero.

Por esta razón, o GT en Igualdade de Xénero da XVU acordou desenvolver a colección *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero*, coordinada, na primeira fase, por Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e, na segunda fase, por M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Maria Olivella Quintana (Universitat Oberta de Catalunya).

Ata o de agora, elaboráronse en total dezasete guías, once na primeira fase e seis na segunda, redactadas por profesorado de varias universidades experto na aplicación da perspectiva de xénero en cadansúa disciplina:

## Artes e Humanidades

**Antropoloxía**: Jordi Roca Girona (Universitat Rovira i Virgili)
**Filoloxía e Lingüística**: Montserrat Ribas Bisbal (Universitat Pompeu Fabra)
**Filosofía**: Sonia Reverter-Bañón (Universitat Jaume I)
**Historia**: Mónica Moreno Seco (Universitat d'Alacant)
**Historia da Arte**: M. Lluïsa Faxedas Brujats (Universitat de Girona)

## Ciencias Sociais e Xurídicas

**Comunicación**: Maria Forga Martel (Universitat de Vic – Universitat Central de Catalunya)
**Dereito e Criminoloxía**: M. Concepción Torres Díaz (Universitat d'Alacant)
**Socioloxía, Economía e Ciencia Política**: Rosa M. Ortiz Monera e Anna M. Morero Beltrán (Universitat de Barcelona)
**Educación e Pedagoxía**: Montserrat Rifà Valls (Universitat Autònoma de Barcelona)

## Ciencias

**Física**: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)
**Matemáticas**: Irene Epifanio López (Universitat Jaume I)

## Ciencias da Vida

**Enfermaría**: M. Assumpta Rigol Cuadra e Dolors Rodríguez Martín (Universitat de Barcelona)
**Medicina**: M. Teresa Ruiz Cantero (Universitat d'Alacant)
**Psicoloxía**: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universitat de les Illes Balears)

## Enxeñarías e Arquitectura

**Arquitectura**: María-Elia Gutiérrez-Mozo, Ana Gilsanz-Díaz, Carlos Barberá-Pastor e José Parra-Martínez (Universitat d'Alacant)
**Ciencias da Computación**: Paloma Moreda Pozo (Universitat d'Alacant)
**Enxeñaría Industrial**: Elisabet Mas de les Valls Ortiz e Marta Peña Carrera (Universitat Politècnica de Catalunya)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias que se imparten non supón máis ca reflexionar verbo dos diferentes elementos que configuran o proceso de ensinanza-aprendizaxe, partindo do sexo e o xénero como variables analíticas chave. Para poder revisar as súas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atopará recomendacións e indicacións que inclúen todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, linguaxe e exemplos empregados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. No fin de contas, incorporar o principio de igualdade de xénero non é soamente unha cuestión de xustiza social, senón tamén de calidade da docencia.

M. José Rodríguez Jaume e Maria Olivella Quintana,
coordinadoras

## ••01. Introdución

A guía para a incorporación da perspectiva de xénero nos estudos de Arquitectura dá forma á experiencia docente que desde hai anos desenvolven nas aulas da Universitat d'Alacant as profesoras M. Elia Gutiérrez-Mozo e Ana Gilsanz-Díaz e mais os profesores Carlos Barberá-Pastor e José Parra-Martínez.

Esta *Guía* pon en valor a diversidade nun senso amplo: diversidade ao destacar e recuperar o traballo feito polas arquitectas —e ignorado—; diversidade ao salientar a necesidade de proxectar e planificar espazos que prevexan a experiencia e as necesidades das persoas de diferente sexo, identidade, xeración, capacidades e recursos; diversidade ao incluír os numerosos axentes que codefinen os espazos que habitamos; diversidade ao visibilizar as distintas maneiras de exercer a profesión e outros saberes tradicionalmente considerados «menores», como as paisaxistas, as urbanistas, as dedicadas á edificación, ao interiorismo, ao escaparatismo, ao comisariado de exposicións, ao deseño industrial, á xestión cultural etc., e diversidade ao promover as mulleres no ámbito da arquitectura non só como produtoras, senón tamén como promotoras, construtoras e usuarias. Ademais, a *Guía* convida a reflexionar sobre o sexismo na docencia, a investigación e a práctica profesional, dominadas pola hexemonía dunha visión androcéntrica e heteronormativa que condiciona e limita a maneira de coñecer, estudar e entender a arquitectura; en definitiva, o xeito de ocupar o espazo construído e, tamén, o imaxinado.

A *Guía* dispón dúas propostas de partida para incorporar a perspectiva de xénero: a revisión das achegas de arquitectas para enriquecer o relato que se construíu arredor da disciplina e, por conseguinte, ampliar as súas miras; e o traballo de campo como método para coñecer e facer a arquitectura desde a experiencia propia e colectiva. Con esas premisas, a *Guía* propón indicacións para incluír de maneira transversal —nos obxectivos, os contidos, a avaliación, as modalidades organizativas, os métodos e os recursos docentes na aula— a perspectiva de xénero na docencia universi-

taria da arquitectura e gornéceas con exemplos nas áreas de coñecemento Expresión Gráfica Arquitectónica, Construcións Arquitectónicas e Composición Arquitectónica e Urbanismo. O texto é tamén un guieiro de referencias ineludibles que han de orientar e dirixir a quen non fique indiferente ante a súa lectura.

## ••02. A cegueira ao xénero e as súas implicacións

A cegueira ao xénero é a actitude pola que non se recoñece a diferenza para non mudar as estruturas de poder que a perpetúan, conque mantén a asignación de roles e ignora as necesidades diversas. Afecta dunha maneira moi particular e sensible á arquitectura, por ser a función desta disciplina mediar entre as persoas e o mundo para volvelo habitable; isto é, amable, intelixible e susceptible de ser gozado e compartido. A arquitectura constrúe «mundos diminutos» a partir dunha idea do ancho mundo e dunha vontade de estar para transformalo. Entón, a concepción da realidade coa que se opera é chave para intervir.

A visión androcéntrica do mundo construíu «mundos diminutos» a imaxe e semellanza dos homes, as culturas e as clases dominantes, deixando fóra todo o que non se atendese ao heteronormativo e o etnocéntrico. Talvez a cidade moderna é o exemplo máis obvio da construción da que estamos a falar: un mecanismo que facilita e favorece a actividade produtiva e ignora os traballos reprodutivos, a atención, as curas e os afectos, amais da percepción dunha contorna segura. Con todo, non só a urbe contemporánea padece cegueira de xénero na planificación e na xestión, tamén a arquitectura sofre ao ser unha das ferramentas máis potentes da que o poder bota man para se significar e aumentar, ignorando adoito as mulleres, e outros grupos humanos e colectivos, como habitantes.

As consecuencias desta cegueira de xénero poderíanse resumir na deshumanización dos espazos construídos, erixidos en puros símbolos ou iconas, e no esgotamento dos recursos do planeta, porque a prevalencia do ser humano sobre a natureza converteuno no seu primeiro depredador.

As escalas nas que se poden percibir estas implicacións tamén son numerosas. Por exemplo, o lugar onde se forman as arquitectas e os arquitectos: as escolas. Cando, en Madrid, se gradou a primeira muller como arquitecta en xuño do 1936, Matilde Ucelay Maortúa, foi depurada por mor da súa condición de muller liberal e a súa filiación republicana, de xeito que non puido exercer a profesión durante cinco anos e lle prohibiron ocupar

cargos de confianza de por vida. Pese ao tempo que transcorreu desde aquel episodio, a evolución política e social do país, os cambios importantes que se produciron nas estruturas organizativas das escolas de arquitectura de España e nos plans de estudo, cada vez máis inclusivos, aínda queda traballo por facer. A mirada que aínda na actualidade se lle transmite ao estudantado sobre a profesión, a docencia e a investigación é, en moitos casos, parcial, case que sen profesoras nin referentes femininos, omitidos sistematicamente pola historia e a historiografía da arquitectura.

Por exemplo, é rechamante que, malia as variadas e orixinais achegas de mulleres a ámbitos disciplinarios tan diversos como o planeamento e o pensamento (Marion Mahony, Jane Jacobs), as políticas públicas (Catherine Bauer) ou a propia arquitectura (Aino Aalto, Charlotte Perriand, Eileen Gray, Lilly Reich, Denise Scott Brown, entre outras), pero tamén o paisaxismo (Gertrude Jekyll, Geraldine Knight Scott), o activismo medioambiental (de novo, Catherine Bauer, Alice Griffith, Dorothy Erskine, Esther Gulick, Kay Kerr, Sylvia McLaughlin), a crítica (Ada Louise Huxtable), o comisariado (Elizabeth Mock) ou a xestión cultural ao nivel máis alto (Grace Morley), e malia haber unha morea de protagonistas, como lembran Zaida Muxí (2018) e Daniela Arias (2018, 2019), a meirande parte destas mulleres apenas aparecen mencionadas nas historias da arquitectura moderna (Frampton, Curtis etc.) e, se apareceren, case sempre é asociadas á figura tutelar dun arquitecto, a miúdo, a súa parella. Polo tanto, perante esta cegueira que invisibiliza e esquece episodios ben importantes cando as súas protagonistas son mulleres e que, aínda con máis virulencia, borra de maneira sistemática os seus nomes cando non son occidentais, cómpre preguntarse que lóxicas e intereses rexen os mecanismos de fixación da memoria e como estes chegan a incidir na ensinanza da arquitectura.

Así mesmo, o exercicio desta disciplina estivo en mans dunhas poucas familias determinadas, que con afouteza se encargaron de abrir ou pechar o paso á profesión xa desde a carreira, de maneira que a discriminación é, como mínimo, dobre: por xénero e por clase social. Nese sentido, precisaríase unha análise crítica das propias escolas de arquitectura e cuestionar a

inexistencia de paridade entre o profesorado dunhas aulas que si son paritarias desde hai máis dunha década. Combater a cegueira de xénero ten que convidar a reflexionar, entre outras cuestións, sobre cantas profesoras imparten clase, que cargo ocupan na xestión académica, como están consideradas dentro da comunidade universitaria ou que dificultades teñen cando son novas e cando son maiores.

Para iso, os datos estatísticos son esclarecedores. Aínda que xa hai bastantes estudos sobre o número de mulleres, quer estudantes, quer docentes, que pasaron polas escolas de arquitectura, a maioría do profesorado nin coñece nin manexa estes datos. Hoxe en día, a paridade nas aulas non se corresponde coa dos resultados profesionais ou docentes (Torres, 2019). Xa que logo, procúrase outrosí establecer unha concienciación sobre este tema que advirta ao alumnado de que a universidade é outro mundo, e non sempre reflicte a realidade.

A falla de sensibilización e de interese pola incorporación da perspectiva de xénero á arquitectura e a súa docencia ten producido situacións de discriminación, desigualdade e sexismo na docencia, a investigación e a práctica profesional. Por riba, deu lugar a unha visión androcéntrica da nosa disciplina, que centra o discurso no traballo desenvolto, ante todo, por figuras masculinas heteronormativas que condicionan e limitan os xeitos de coñecer, estudar, entender e sentir a arquitectura.

A figura do arquitecto que se representa, por exemplo, na película *The Fountainhead* (King Vidor, 1949), baseada na afamada novela homónima de Ayn Rand, un home carismático, xenial, solitario, incomprendido pola maioría da sociedade, idealista e tenaz na consecución do seu soño, loitador ata máis non poder, incansable e indiscutible triunfador, formou unha idea de profesional que pouco ten que ver coa realidade. Non só coa dos homes, tan varios e plurais como as mulleres, senón coa vocación de servizo que, ao noso ver, afouta a arquitectura e que implica, indefectiblemente, unha cantidade inxente de persoas que forman parte do proceso —fundamentais para conseguir un bo resultado— e unha interacción intensa entre

elas, que exixe boas doses de empatía, flexibilidade e a apertura de miras que, entre outras moitas cousas, ofrece a perspectiva de xénero.

Así pois, introducir a perspectiva de xénero na arquitectura e o urbanismo ten que significar tamén unha oportunidade para a «igualdade efectiva» á que, consonte a lexislación (Lei Orgánica 3/2007), toda sociedade ha de aspirar; non só de xénero —entre persoas con sexo ou identidades diferentes—, senón de xeración —entre profesionais con idades dispares—, entre persoas con capacidades e recursos desparellos —e non só económicos— e, por extensión, entre axentes humanos e non humanos, atendendo á tan deostada interdependencia da nosa especie co fenecido medio do noso planeta. Por conseguinte, trátase de prestar máis atención á diversidade para volvela un eixe que, alén de suprimir nesgos e barreiras, permita sacar proveito de todo o capital humano da sociedade. Mais tamén se trata de esforzarse para mirar as cousas doutro xeito, para pornos na pel doutros suxeitos e enriquecer así a percepción e a comprensión do que nos arrodea.

## ••03. Propopostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

A incorporación da perspectiva de xénero na arquitectura é moi recente, sobre todo, se se examina a traxectoria das escolas, e é aínda unha materia pendente na súa docencia (Gutiérrez-Mozo, 2014). Os primeiros pasos déronse nos anos 70 (Torre, 1977; Heresies Collective *et al.*, 1981, entre outras), cando unhas cantas mulleres reivindicaban en países coma os Estados Unidos ou Inglaterra a calidade do traballo que moitas delas facían no deseño, a arquitectura ou o planeamento. Estas accións sitúan o recoñecemento das arquitectas nun período de só 50 anos e en casos contados, paradoxicamente nunha disciplina que ten que estar ao servizo da vida e da conservación do planeta, a súa primeira casa, onde é preciso que adquira o papel que lle corresponde e onde, como pouco, a autoría delas foi compartida ou omitida, cando non silenciada.

Lilly Reich, Charlotte Perriand, Delfina Gálvez Bunge, Aino Maria Marsio-Aalto e Elsa Kaisa Mäkiniemi, Denise Scott Brown ou Anne Tyng son nomes de mulleres que traballaron cos arquitectos máis destacados da historia recente: Mies van der Rohe, Le Corbusier, Amancio Williams, Alvar Aalto, Robert Venturi ou Louis Kahn. Eles estudáronse e estúdanse nas escolas de arquitectura, mentres que a elas case nunca as mencionan. Con todo, agora as súas obras e traxectorias son obxecto de investigacións que tentan encher esas ausencias e «esquecementos» e corrixir erros de adxudicación de responsabilidades na historiografía da arquitectura moderna (Arias, 2018), e isto ten un gran impacto entre o profesorado e, sobre todo, no alumnado, cada vez máis concienciado con respecto a estas reivindicacións.

A perspectiva de xénero na docencia da arquitectura propón visibilizar e pór en valor a diversidade real da arquitectura desde o traballo das arquitectas e dos arquitectos, e integrar persoas de sexo, identidade, xeración, capacidades e recursos desemellantes. Propón outrosí manifestar a multiplicidade de posturas e actitudes desde o deseño, o uso e a apropiación dos

espazos a diferentes escalas, desde o obxecto e o detalle construtivo ata o acercamento na cidade, a paisaxe ou o territorio. Nese senso, é imprescindible expresar que na arquitectura non hai temas menores; calquera cuestión merece ser estudada polo miúdo para coñecer e apreciar as influencias da contorna na nosa vida e enxeñar proxectos máis xustos e equitativos.

Polo tanto, a proposta xeral para incorporar a perspectiva de xénero na docencia da arquitectura consiste nun dobre exercicio de visibilización: dunha banda, das mulleres e das persoas que permaneceron na sombra nos distintos planos da arquitectura; e, doutra, da propia arquitectura ausente das publicacións, pero próxima, no espazo e no tempo, e responsable da construción de contornas máis inclusivas. O primeiro exercicio guiará a revelación do papel das mulleres como produtoras —de espazos, de coñecemento, de modelos, de accións transformadoras...—, promotoras e usuarias e reclamará como método de estudo a revisión bibliográfica. O segundo exercicio enriquecerá o patrimonio de referencias e requirirá a posta en práctica do traballo de campo.

A primeira proposta transversal a todas as áreas de coñecemento é, pois, unha revisión bibliográfica das obras feitas por arquitectas, entendendo as obras como producións de calquera clase —planeamento, arquitectura, deseño, coñecemento, xestión etc.—. Non se trata soamente de reparar unha inxustiza, senón de valorar o traballo, xa que a falla de recoñecemento sistemática produce nas mulleres, como é lóxico, unha gran frustración como profesionais: «O 80% das arquitectas están satisfeitas coa súa profesión, malia seren os seus ingresos claramente inferiores aos dos arquitectos; pero, na franxa de 55 a 65 anos, a insatisfacción, que é dun 93%, dispárase» (Agudo e Sánchez de Madariaga, 2011). Esta situación reverte nun empobrecemento xeneralizado da sociedade, polo que é preciso combatelo desde a construción de relatos novos que sexan equitativos e xustos.

Co fin de contribuír a iso, e de complementar o que se vén de expoñer, a segunda recomendación consiste en reivindicar o traballo de campo como un método fundamental para coñecer a arquitectura desde a expe-

riencia sensible —propia e colectiva— do espazo. Existe moita arquitectura valiosa e honesta que fica allea aos circuítos de difusión e, daquela, de validación, nomeadamente nas contornas periféricas que non foron de interese para os grandes relatos da disciplina, fabricados en paralelo ao prestixio dos seus autores, sen recoñecer as achegas efectivas e reais que esta ten na calidade de vida das persoas que a habitan.

Urxe deixar de mirar o mundo desde unha pantalla e abrirse aos estímulos que a arquitectura ofrece aos sentidos, anulados pola inmediatez dunhas imaxes que adoitan estar manipuladas ata o punto de resultar imposible recoñecer os lugares concretos aos que refiren. Cómpre reivindicar unha arquitectura de proximidade para unha vida en comunidade que é compartida ou non o é, ademais de experimentar os ambientes e os espazos alén da primacía da visión; desde o tacto, o oído, o olfacto, sentidos que supoñen proximidade. Proxectar desde a sensibilidade e a atención ao ambiente próximo é un valor que acredita o bo facer de tantas e tantos profesionais que non se difunden nos medios e que, no entanto, contribúen a mellorar a vida, individual e colectiva.

Este xeito de ensinar e aprender arquitectura ten, ademais, dous efectos ben saudables: o primeiro, claro, é saír da aula e acudir aos lugares onde a arquitectura nos agarda para ser vivida, coñecida e gozada. Para a formación dos arquitectos e as arquitectas é esencial cultivar o hábito de viaxar, mesmo se son distancias curtas. Isto tamén contribuirá a compartir a experiencia e o coñecemento da arquitectura coas demais persoas, que é o segundo efecto saudable desta proposta. Esta actitude implica o recoñecemento das outras e os outros no proceso de creación colectiva da arquitectura, onde, ende ben, converxen inevitablemente axentes dispares de quen sempre se pode aprender.

Antes de máis, a revisión bibliográfica e o traballo de campo teñen que ir da man, e serven para lembrar unha cuestión recollida na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e é a relativa ao tratamento dos datos, que obriga á súa obtención e desagregación por sexo (Art. 20. Adecuación das estatísticas e estudos). O esforzo sistemático para

observar a lei en todos e cada un dos traballos que trata o profesorado e o alumnado (TFG, TFM, PFC etc.) implica non só a produción dunha información que permita «coñecer as diferentes situacións, condicións, aspiracións e necesidades de mulleres e homes nos distintos ámbitos de intervención», mais tamén adquirir o hábito para traballar cun rigor real, é dicir, sen deixar de atender nada nin ninguén.

Tampouco se pode esquecer a importancia da linguaxe inclusiva. En relación a isto, é interesante a reflexión de Spairani e García (2019), posto que aplica a cuestión a unha materia, Materiais de Construción, que semella non ter moitas fendas por onde incorporar a perspectiva de xénero: «Así, hai certos aspectos que se teñen que ter en conta, non só da linguaxe e as fontes seleccionadas, os exemplos orais ou escritos, as anotacións e as presentacións, senón tamén dos aspectos sociais e culturais do seu arredor a través das imaxes que se amosan e as prácticas que se utilizan na aula co fin de corrixir o enfoque androcéntrico das nosas expresións: nomear o alumnado de maneira correcta; crear referentes femininos para visibilizar; rachar estereotipos; non empregar calidades diferentes para o alumnado nin o xénero feminino para desacreditar; non referirse ao alumnado de maneira pexorativa; desbotar comportamentos e actitudes que o desdigan; non empregar a palabra "muller" cando nos referimos á poboación feminina, nin a palabra "home" como universal, cambiándoa pola 1.ª (ou a 3.ª) persoa do suxeito e, noutras ocasións, polos pronomes (nos, nosa/o, nosas/os). Así mesmo, empregar xenéricos reais para os nomes colectivos, abstractos, os dous xéneros gramaticais etc.». Nesta achega de Spairani e García (2019) percórrense, polo miúdo, todos e cada un dos aspectos comunicativos na aula que son susceptibles de seren repensados, de maneira crítica e construtiva, desde a perspectiva de xénero. A linguaxe non é soamente unha formulación inclusiva; é tamén unha serie de contidos que conceptúan a perspectiva de xénero como un entendemento das diferenzas, das distintas maneiras de pensar e do enriquecemento que ofrecen cando se poñen en relación con outros contidos diferentes e, polo tanto, merecen ser debatidos.

En resumo, proponse o uso da linguaxe inclusiva na docencia, ademais dunha atención especial á documentación escrita e visual que se facilita ao alumnado, para que reúna información, recomendacións, imaxes e referencias que fuxan dos estereotipos e que fomenten a inclusión da diversidade. Nesa liña, os recursos pedagóxicos e a bibliografía recomendada que recolle esta *Guía* poden ser ben útiles para o profesorado que queira incorporar a perspectiva de xénero á súa docencia da arquitectura.

# •• 04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na docencia da arquitectura

Consonte o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, do 30 de outubro do 2007), modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo (BOE n.º 161, do 3 de xullo do 2010) e a Orde EDU/2075/2010, do 29 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto *(sic)* (BOE n.º 185, do 31 de xullo do 2010), os plans de estudo dos títulos de grao e mestrado terán unha duración de 300 e 60 créditos europeos, respectivamente.

Os que corresponden ao grao han de incluír, como mínimo, estes módulos e créditos: bloque propedéutico, ciencias básicas e debuxo, 60 créditos (ECTS); bloque técnico, construción, estruturas e instalacións, 60 créditos; bloque proxectual, composición, proxectos e urbanismo, 100 créditos; e traballo de fin de grao, 6 créditos.

As universidades, observando estas condicións, poden organizar cadanseu título segundo o que estimen máis conveniente e axeitado tendo en conta os seus obxectivos e recursos. Ora ben, as escolas de arquitectura e as titulacións de Grao en Arquitectura e en Fundamentos da Arquitectura españolas acostuman repartir os créditos dunha maneira semellante á do título na Universitat d'Alacant, onde se destinan 60 créditos ás disciplinas consideradas básicas —Matemáticas, Física e Debuxo—, 228 ás obrigatorias —Construción, Estruturas, Instalacións, Urbanismo, Composición e Proxectos—, 6 ás optativas e 6 ao traballo de fin de grao (TFG).

As materias optativas, xa que logo, quedan reducidas ao mínimo —Construción, Estruturas, Inglés e Prácticas Externas— e desaproveitan a oportunidade que ofrecen o artigo 25.2.a da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para la igualdade efectiva de mulleres e homes, «as administracións públicas promoverán a inclusión, nos plans de estudo en que proceda, de

ensinanzas en materia de igualdade entre mulleres e homes», e o artigo 3.5.a do Real Decreto 1393/2007, no que se lembra que «calquera actividade profesional se debe realizar desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debéndose incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas con eses dereitos».

As disciplinas técnicas, como as denominadas proxectuais, acaparan os créditos, especialmente estas últimas, que consumen 141 créditos fronte aos 87 do resto. Esta redistribución suma disciplinas obrigatorias (228), optativas (6) e traballo de fin de grao (6), nun total de 240 créditos ECTS.

De seguirmos co exemplo da Universitat d'Alacant, mantense en 60 créditos o peso do bloque que a Orde EDU/2075/2010 denomina propedéutico, que se dividiron entre os 36 destinados á expresión gráfica e os 24 destinados ás ciencias básicas —Matemáticas e Física—; os 141 créditos do bloque proxectual quedaron repartidos en 69 para proxectos, 36 para composición e 36 para urbanismo, e os 87 créditos do bloque técnico repartíronse en 42 para construción, 27 para estruturas e 18 para instalación.

A proporción de créditos entre o bloque proxectual e o técnico é de 1,62; é dicir, predomina a actividade que se considera creativa ou proxectual —o deseño— sobre a puramente técnica ou construtiva —o oficio—. Nese sentido, as escolas técnicas superiores de arquitectura son máis superiores ca técnicas. Pola súa parte, a distribución de créditos no bloque proxectual é ben significativa, xa que Proxectos absorbe case a metade (69 de 141), e Composición Arquitectónica e Urbanismo reparten case a outra metade a partes iguais (36 e 36). É evidente que nesta distribución a estratexia —o proxecto— imponse sobre os principios —a composición— e o campo onde se xoga —o urbanismo—: o medio prevalece sobre a idea —teórica— e a súa implantación —práctica—; «como» máis que «por que» ou «onde».

Con este marco de referencia, e reparando na carga de créditos dentro do plan de estudos e na especificidade e a afinidade de cada área de coñecemento en relación coa arquitectura, para esta *Guía* escolleuse unha por cada bloque da Orde EDU/2075/2010.

Do bloque propeudético, elixiuse Expresión Gráfica Arquitectónica, por ter o triplo de créditos ca cada unha das ciencias básicas e porque o debuxo é, na súa manifestación máis espontánea —anotación, bosquexo, esbozo etc.— ou máis elaborada —con ferramentas informáticas—, a linguaxe propia das arquitectas e os arquitectos, o seu medio para expresar —de aí, o nome de área— e comunicar as ideas que teñen. De feito, nalgunhas escolas de arquitectura, esta área denomínase Ideación Gráfica. Ademais, o debuxo percorre todo o proceso e está presente en todos os niveis: debúxase para coñecer, debúxase para pensar, debúxase para proxectar e debúxase para levantar acta do que se edifica, xa novo, xa vello.

Do bloque técnico, elixiuse a área de Construcións Arquitectónicas, porque é a que máis créditos ten e, sobre todo, porque apela a un entendemento primixenio e esencial da arquitectura como a arte de construír, no seu modo maior, e, no menor, como oficio do mestre construtor. O que mudou ao longo da historia, desde esta contundente afirmación de Vitruvio (século I a. de C.), foi o obxecto sobre o que recae a acción do verbo, que se desprazou desde a «cousa edificada» de Alberti no Renacemento, pasando polas imaxes visionarias ilustradas, as románticas estampas decimonónicas, as profecías de futuro das vangardas e as mensaxes posmodernas, ata a realidade aumentada actual. En efecto, o significado e o que abrangue a idea de «construír» está hoxe no centro do debate arquitectónico, e comprende sentidos innovadores e transversais que incorporan conceptos como coidar, conservar, reutilizar, reciclar e mesmo desmontar, nos que é moi pertinente a perspectiva de xénero, pois que achega unha mirada inclusiva.

No bloque proxectual, decidiuse elixir ambas as áreas, Composición Arquitectónica e Urbanismo, debido a que suman case os mesmos créditos ca Proxectos e, sobre todo, como xa se comentou, porque apuntan dúas cuestións máis pertinentes ca a estratexia para implementar a perspectiva de xénero; é dicir, dunha banda, a Composición Arquitectónica, pola tripla dimensión histórica, analítica e crítica de seu, permite un feixe de aproximacións dun espectro amplo e unha fondura enorme, especialmente

sensibles e afíns a esta cuestión. Doutra, o Urbanismo foi desde onde se produciu unha maior cantidade de achegas en materia da inclusión da perspectiva de xénero, de xeito que parece razoable recollelas, ordenalas e valoralas. Pola súa parte, o proxecto de arquitectura ou de urbanismo representa un momento do proceso que ben pode inspirarse nestoutras áreas para un exercicio de reflexión de seu que conduza á incorporación da perspectiva de xénero nas distintas materias.

## Obxectivos

Seguindo a proposta xeral para incorporar a perspectiva de xénero na docencia do grao en Arquitectura e Fundamentos da Arquitectura —visibilizar—, os obxectivos xenéricos desta introdución son:

### ARQUITECTAS PRODUTORAS

1. *Visibilizar autorías.*

Dar a coñecer a traxectoria e a obra das arquitectas, entendendo que hai moitas formas de exercicio profesional que poden e teñen que ser reivindicadas e valoradas, posto que foi nelas, as consideradas ata agora «menores», onde as mulleres desenvolveron tradicionalmente a súa carreira; por exemplo, o interiorismo, o deseño de obxectos, os téxtiles etc.

2. *Visibilizar formas de exercicio profesional.*

O obxectivo anterior non só permitirá incorporar referencias novas en materia de obras, senón tamén modelos novos de exercicio profesional, de interese non por cuestións de escala, mais pola súa contribución a mellorar a vida das persoas. Porén, sería moi valioso que, dende espazos como «del tirador en la ciudad» (https://elpais.com/cultura/del-tirador-a-la-ciudad/), se faga o esforzo de repasar as achegas das mulleres á disciplina: as paisaxistas, as urbanistas, as dedicadas á edificación, ao interiorismo, ao escaparatismo, ao comisariado de exposicións, ao deseño industrial, á xestión cultural etc.

*3. Visibilizar producións.*

Así e todo, non é só unha cuestión de escala; é unha cuestión de diversidade. Para procurar e atopar achegas relevantes das mulleres no exercicio profesional, cómpre unha concepción comprensiva do significado e o alcance de ser arquitectas e arquitectos e, entón, pensar no papel das arquitectas na función pública, na política, na xestión, na administración etc. As mulleres preferiron estes lugares por mor da seguridade laboral que ofrecen e pola calidade dos convenios, que posibilitan, por exemplo, a conciliación.

Tamén ten interese revelar o papel das arquitectas como transmisoras e produtoras de coñecemento —docentes e investigadoras—. Para o noso alumnado este aspecto é fundamental, porque proporciona uns referentes alternativos aos modelos que podemos denominar «heroicos» do arquitecto e permite atopar exemplos de carreiras profesionais desde as que construír a propia.

## PROMOTORAS, CONSTRUTORAS E USUARIAS

*1. Visibilizar promotoras.*

As mulleres, como suxeitos activos na arquitectura, desempeñan unha función chave, amais de como arquitectas, como clientas, mecenas ou patrocinadoras para posibilitar determinados proxectos, sobre todo, os máis arriscados polo seu carácter innovador e os máis solidarios ou comprometidos con causas sociais.

*2. Visibilizar construtoras.*

Malia que aínda son escasas nas obras, hai mulleres que xestionan empresas construtoras cunha maneira de entender como conseguir encargos, como licitar na administración pública ou como reinvestir os beneficios con fins sociais e culturais que resulta máis suxestiva pola súa orixinalidade e ousadía.

*3. Visibilizar usuarias.*

As mulleres tamén son usuarias da arquitectura e, nese sentido, cómpre incorporar á docencia da arquitectura as súas vivencias, experiencias, sensacións e reflexións sobre a maneira de habitar de seu. E non só a súa, tamén a das persoas cunha perspectiva omitida, ignorada ou silenciada, sexa cal for o sexo, a idade, a raza, o credo, a condición ou a situación. Daquela, resulta capital incorporar as achegas das teorías feministas, LGTBI+ ou *queer.* Así mesmo, son ben interesantes as metodoloxías e as prácticas investigadoras feministas, IAPF, expostas por Marta Luxan e Jokin Azpiazu (Luxan e Azpiazu, 2016).

### O FEMININO COMO VALOR ENGADIDO NA ARQUITECTURA

O último obxectivo consiste en ter presente a perspectiva de xénero tanto na análise como no proxecto de arquitectura. Isto quere dicir que as categorías desde as que se valoran as obras existentes ou se formulan as futuras incorporen os aspectos sensibles ao xénero, non para substituír os valores convencionais, senón para complementalos ou, de ser preciso, contrastalos.

## Contidos

Achégase, de seguido, unha reflexión xeral sobre as áreas de coñecemento enunciadas a fin de resaltar os aspectos concretos que, en termos de calidade docente, proporciona a introdución da perspectiva de xénero nos contidos, sobre todo á hora de reforzar as ferramentas de estudo e análise crítica da parcela da realidade que atinxe a estas disciplinas:

### EXPRESIÓN GRÁFICA ARQUITECTÓNICA

O debuxo foi, desde o Renacemento, a disciplina que compartiron, como cultivo da sensibilidade e adestramento da man, artistas e arquitectas e arquitectos que se exercitaron, mediante el, nas linguaxes visuais que lles son propias. A función principal do debuxo é coñecer a realidade; para describir algo con detalle e rigor, non hai mellor práctica ca debuxalo en primeiro lugar.

Non obstante, o coñecemento que o debuxo subministra das cousas ten que ver, basicamente, con dous aspectos: a escala, isto é, a relación do tamaño do debuxo co da contorna, e as proporcións, isto é, as relacións das súas medidas entre si. Hai que lembrar que o primeiro instrumento de disección da ciencia médica foi, de feito, o debuxo. Serve outrosí para transmitir a outras persoas ideas sobre o que se quere facer —o proxecto— e para expresar sensacións e sentimentos, e neste caso, conectar sensibilidades.

Sexa como for, a través do debuxo o ollo capta unhas medidas e unhas proporcións que se plasman coa man, guiada polo cerebro e adestrada pola práctica. Ao exercitarse niso, nomeadamente mediante a copia de modelos, confórmase e refórzase un ideal de beleza que deixa fóra todo aquilo que non se cinga á norma do gusto. Unha norma heteropatriarcal que viu, por exemplo, na columna xónica, a muller nai e, na corintia, a muller doncela (Vitruvio).

Cuestionar os canons da beleza masculina e feminina e abrir camiño a outras formas de expresión non estereotipadas pode ser unha maneira integradora de introducir a perspectiva de xénero no debuxo. Isto é transcendental non só en si mesmo, polas relacións entre as medidas do corpo, senón porque o ser humano é, asemade, medida do mundo, o que nos leva a outro tema capital: a escala. Un exemplo representativo do desprezo tradicional do deseño cara os corpos non normativos pódese achar nas reivindicacións da plataforma Stop Gordofobia e, de maneira concreta, dunha das súas fundadoras, Magdalena Piñeyro (2019).

Tradicionalmente, o mundo mediuse en relación ao canon que representa o home branco, novo, constituído sen eivas e en posesión plena das súas facultades. Véxase sobre este tema o *Home de Vitruvio* de Leonardo ou o *Modulor* de Le Corbusier. Precísanse sistemas de medidas que acollan a diversidade que presentamos as persoas reais, de carne e óso, de todas as formas e de todas as idades: mulleres e homes, non deusas e deuses. E non só as persoas; a humana é unha criatura máis entre outras criaturas non humanas da natureza coa que urxe recuperar unha relación de interdependencia, da que depende o futuro do planeta e das especies que o habitamos.

A ergonomía traballa nesta dirección —na adaptación das máquinas, os mobles e os utensilios á persoa que os emprega acotío, para conseguir unha comunidade e unha eficacia meirandes—, pero a ideación gráfica para outras realidades —de certo, a realidade auténtica— é imprescindible na formación das arquitectas e arquitectos do porvir. Nese sentido, é moi atinado o traballo, tan específico como exitoso, das arquitectas Marta Parra e Ángela Müller en *Arquitectura de maternidades,* por dar un exemplo.

## CONSTRUCIÓNS ARQUITECTÓNICAS

A tecnoloxía non é política nin socialmente neutra e, daquela, non o é respecto do xénero. Máis ben, é unha das manifestacións máis expresivas do poder e dos intereses deste, tanto máis canto o agocha baixo do halo de prestixio que outorga ser unha consecuencia da ciencia. Na arquitectura hai, como herdanza dunha modernidade que exacerba a técnica e a razón construtiva, unha corrente sobre este tema cun nome de seu: a alta tecnoloxía ou *high tech*, unha demostración do poder na súa expresión máis elemental. Cando, en troques de amosar o «ruído» de toda a trama tecnolóxica que require unha arquitectura, se agocha, ata case facer crer que non interveu man ningunha, a realidade é aínda máis debedora do poder económico que hai que ter para soster esta imaxe de frivolidade. Por aquí transitan algunhas arquitecturas etiquetadas como «minimalistas».

Introducir a perspectiva de xénero nos contidos relativos aos materiais e os sistemas construtivos e á súa posta en obra podería pasar, como exemplo, por repasar os medios auxiliares —maquinaria e ferramentas— dos que esta se serve, co fin de analizar como son de excluíntes —as mulleres teñen moitas dificultades para manexalas—, preguntarse por que o son e imaxinar como poderían empregalos máis persoas das que o adoitan facer. Ademais, un exercicio moi esclarecedor sería idear e debuxar os detalles construtivos de arquitecturas *high tech* que supoñen que renuncian á exhibición dos seus medios, que non os tapan, senón que dimensionan a súa presenza na medida xusta, a que corresponda segundo a súa función. En contrapartida, outro exercicio moi interesante sería imaxinar

e debuxar a arquitectura «minimalista», expoñer todo o que oculta a súa sinxeleza aparente e valorar canto custa en termos económicos escamotear toda esta tremoia.

Por outro lado, cando presuntamente a tecnoloxía se puxo ao servizo das mulleres, fíxose co formato non de «máquinas», senón de «aparellos» —obsérvese a diferenza semántica— electrodomésticos que, no canto de liberalas dos quefaceres do fogar, perpetuábanas neses roles de xénero incuestionados e afianzados desde o «acougo» que se procura ao levalos a cabo a través deles. A introdución da perspectiva de xénero neste sentido pódese encamiñar desde o estudo e a análise dos equipamentos domésticos: cantos son, onde están, se favorecen ou non a corresponsabilidade no coidado do fogar e da familia etc., e pór de manifesto os estereotipos que reproducen.

Así mesmo, hai un aspecto en voga no que sería moi interesante introducir a perspectiva de xénero: non só a tecnoloxía dura ou *high tech* deixa fóra do seu uso ás mulleres; as tecnoloxías brandas, o *Do It Yourself*, tamén as marxina a través das súas ferramentas e as dimensións das súas pezas. O que noutrora foi unha resposta ao sistema económico capitalista, non o foi nunca ao sistema heteropatriarcal.

Por último, non se deben esquecer os roles establecidos na dirección e na xestión das obras de arquitectura, onde hai unha ausencia manifesta de paridade entre mulleres e homes. Nese sentido, hai moito por facer, e a universidade ten que actuar como impulsora do cambio, xa visibilizando casos exemplarizantes de igualdade nestes ámbitos da profesión, aínda moi masculinizados, xa proporcionando conceptos e ferramentas para transformar esta realidade a través de modelos alternativos.

## COMPOSICIÓN ARQUITECTÓNICA E URBANISMO

O espírito da Composición Arquitectónica non é outro ca o de pensar e facer pensar a arquitectura para entendela e entendérmonos como arquitectas. Os saberes que tradicionalmente acadou son materias da historia, dos feitos e das ideas, desde a Antigüidade ata o día de hoxe, cando o desa-

fío principal que atopamos á hora de introducir a perspectiva de xénero é a necesidade de explicala, de visibilizar as achegas das mulleres, descoñecidas, ignoradas e silenciadas á mantenta durante moito tempo, amais de prestar atención á produción que se considerou «menor» —deseño de obxectos, de interiores etc.—, na que sobresae a presenza feminina. É dicir, construír e contar «historias de mulleres», pero tamén doutros grupos, colectivos e comunidades que, por razón de identidade, xeografía ou cultura —marxinalidade, periferia—, se ignoraron ou se silenciaron; o que non se ve, non existe.

O material co que traballan as materias de Composición Arquitectónica é basicamente o presente, porque propoñen aproximacións á arquitectura de todos os tempos —a que nos ensinou a historia— desde a experiencia sensible e o intelecto, é dicir, tanto desde os sentidos e o corpo como desde a capacidade de discernir e o espírito crítico propios da razón, onde o máis importante é a actualidade dos valores que atesoura esta arquitectura, a natureza e o seu significado. Nestes casos, a incorporación da perspectiva de xénero pasa por implementar as súas ferramentas propias na análise destas arquitecturas: a experiencia das mulleres; a resposta ás relacións de poder e ás normas de xénero vixentes a través das achegas feministas, LGBTI+ e *queer* (véxase o apartado 6); a influencia que as construcións sociais e culturais teñen na planificación, a realización e a percepción da arquitectura e a cidade (AQU, 2019).

En último lugar, de entendermos o exercicio de crítica da arquitectura como o esforzo intelectual para expor canta débeda ten esta co pasado, como responde ao presente e o cuestiona, mais, sobre todo, como anticipa o futuro, a perspectiva de xénero xoga un papel esencial na concepción e a valoración de proxectos complexos, diversos, inclusivos e igualitarios.

A disciplina do Urbanismo, poderosa nos seus instrumentos de diagnóstico da realidade que tenta ordenar e planificar, é, como se adiantaba, máis veterana na tarefa de incorporar a perspectiva de xénero ás súas formulacións, pois, ademais de contar coas achegas que se fixeron neste país desde os anos 90 (véxanse, entre outros, os exemplos recompilados en

Gutiérrez Valdivia e Ciocoletto, 2013), dispón das referencias e as experiencias norteamericanas desde os anos 60 e 70.

Os puntos críticos sobre os que se convida a reflexionar son, máis ou menos, os que propoñen Azara e Gil no seu *Set para introducir la perspectiva de género en el proceso urbano* (2017). Primeiro, o modelo de cidade. Tradicionalmente, a estrutura e o deseño urbanos, como consecuencia dos modelos de crecemento capitalistas, priorizaron os obxectivos de produción e as actividades económicas en detrimento das tarefas reprodutivas e os coidados da sociedade, realizados case sempre por mulleres, que, como demostran todos os estudos dispoñibles, non se valoraron nin se favoreceron. Como denuncian estas autoras, carécese de análises multidisciplinares, a distintas escalas e de carácter transversal que, ao contrastar parámetros económicos, políticos, sociolóxicos, antropolóxicos, históricos etc., informen desde a complexidade calquera reflexión profunda anterior á toma de decisións no ámbito urbano: «Polo tanto, elas son as que sofren en maior medida esta problemática do modelo de cidade, que constitúe unha das trabas principais para que as mulleres consigan a súa autonomía e gocen do seu dereito á cidade en igualdade de condicións» (2017: 7).

Segundo, a percepción de seguridade. Os estudos sinalan que, en materia de seguridade, non son tan importantes as estatísticas de denuncias como a percepción subxectiva de seguridade nun espazo. Trátase, logo, dun aspecto de debe atenderse desde a experiencia. A percepción de inseguridade restrinxe o uso e a apropiación do espazo público da cidade por parte da cidadanía. Conforme estas autoras, hai evidencia empírica de que as mulleres limitan os seus desprazamentos pola cidade, restrinxen os movementos por lugares determinados e en momentos do día determinados e, xa que logo, coutan o seu acceso aos espazos urbanos e ao transporte público segundo a percepción de inseguridade. Este factor representa, entón, un dos maiores atrancos para a autonomía das mulleres.

Terceiro, os espazos públicos e a accesibilidade. Como sosteñen Azara e Gil (2017), malia que as estatísticas indican que as mulleres asumen a meirande parte do traballo de coidados non remunerada, tamén se incre-

mentou a participación feminina no sector produtivo. Esta duplicidade de traballo remunerado e non remunerado condiciona a relación das mulleres co espazo público, os equipamentos, a mobilidade, os lugares de traballo, o comercio e a súa imbricación na esfera do doméstico: «As persoas que non asumen tarefas de coidado fan un uso máis limitado da cidade, concentrado en acudir aos lugares de traballo e ocio nuns horarios fixos concretos. Namentres, as mulleres, ao cargo das tarefas de coidado, atópanse decote coas trabas e as dificultades cotiás que teñen as cidades, como os temas de accesibilidade» (11).

Cuarto, a mobilidade. Segundo Azara e Gil, tamén hai numerosas investigacións que coinciden en que as pautas de mobilidade de homes e mulleres son diferentes. Eles son os principais usuarios do automóbil, e elas adoitan depender en maior medida do transporte público, fan desprazamentos con menores ou cargadas, e viaxan máis fóra das horas punta, unha circunstancia que se debe a que acostuman traballar a tempo parcial: «O deseño das infraestruturas de mobilidade, concibido desde pautas presuntamente universais, valora de maneira clara as viaxes laborais por riba de calquera outro motivo de desprazamento» (2017: 13).

Quinto, a vivenda. Volvendo citar a Azara e Gil, o deseño residencial e das tipoloxías de vivenda responde na súa maioría a estruturas tradicionais que non sempre se axeitan á diversidade dos modelos familiares a ás necesidades da actualidade. Polo xeral, «o deseño do interior das vivendas relega o espazo para as angueiras domésticas a zonas secundarias ou accesorias» (2017: 15). Doutra banda, «as mulleres, nalgúns ámbitos, continúan a ter impedimentos para acceder á vivenda en propiedade ou en alugueiro. Hai cada vez máis mulleres maiores que viven soas en vivendas non adaptadas ás súas necesidades, o que lles impide gozar de certa autonomía durante un período máis longo» (2017: 15).

Sexto, a representatividade e a sinalización urbana. Neste campo, case sempre houbo un esquecemento inxustificable e, por veces, consciente, do papel desempeñado polas mulleres na cidade ou na historia compartida e das súas achegas, o que deu lugar a iconografías non igua-

litarias. De maneira análoga, «os espazos públicos seguen invadidos por elementos publicitarios e anuncios con imaxes estereotipadas ou sexistas e linguaxe non inclusiva que empecen a creación dunha cidade máis igualitaria» (Azara e Gil, 2017: 17).

E sétimo e último, a participación cidadá. Posto que o exercicio da arquitectura, o planeamento e o deseño urbanos eran profesións tradicionalmente masculinas, as mulleres dispuxeron dunha capacidade minguada para influír na toma de decisións sobre a forma e o funcionamento da cidade. Ora ben, como «os labores derivados do traballo reprodutivo provocaron que as mulleres sexan as máximas usuarias e coñecedoras dos espazos cotiáns» (Azara y Gil, 2017: 19), é imprescindible ter en consideración a súa participación e a súa experiencia neste campo.

## Avaliación

Unha avaliación sensible ao xénero, conforme se entende e se expón neste documento este concepto, desde un enfoque integral e integrador, ha de ser a que propoña xeitos distintos de valorar as actitudes, os coñecementos e os procedementos acadados polo estudantado para se adaptar á súa propia diversidade. Polo menos, debería ter en conta tres modalidades: a autoavaliación —o alumnado avalíase a si mesmo—; a coavaliación —por parte do resto de colegas— e a avaliación por parte do profesorado.

Segundo a materia, o profesorado ten que establecer uns procedementos, uns instrumentos e uns criterios de avaliación de coñecementos e competencias que eviten nesgos de xénero, como a infravaloración das alumnas (Calvo Iglesias, 2018). Neste sistema de avaliación débense incluír distintos tipos de probas consoante as necesidades e as características do alumnado. Alén diso, hanse de explicitar os baremos e os criterios de avaliación que se van aplicar, deseñar probas que teñan presentes os procesos de socialización diferencial segundo o xénero e analizar as posibilidades de tratamento desigual ao que se expón o alumnado dada a óptica androcéntrica de avaliación do comportamento comunicativo onde, de xeito incons-

ciente, se penaliza o código ou a cultura comunicativa femininos (RodríguezJaume *et al.*, 2017).

Doutra banda, sería aconsellable combinar as diferentes maneiras de avaliar coas posibilidades que ofrecen os diferentes instrumentos de avaliación, a saber: o portfolio (Martínez e Crespo, 2007), un cartafol de traballo onde cada estudante recompila as tarefas deseñadas —e mais todos os seus borradores e versións— para adquirir as competencias que marcan como obxectivo as e os docentes na súa disciplina; os exames tradicionais, orais e escritos, nas múltiples variedades que teñen —desenvolvemento dun tema, preguntas curtas, tipo test etc.—; os mapas conceptuais, a resolución de problemas con fincapé na metodoloxía, os traballos monográficos etc. Canto á avaliación mediante exame, sexa cal for a modalidade, suxírese incluír preguntas relativas aos contidos impartidos desde a perspectiva de xénero de cada materia, para polos en valor e integrar prácticas, posturas e coñecementos variados que fuxan de visións simplistas e esquemáticas nos distintos campos de coñecemento relacionados coa arquitectura.

Como non hai que avaliar soamente coñecementos, senón tamén destrezas e valores, é importante ter en conta estes aspectos: a interpretación, desde un enfoque de xénero, dos conceptos básicos da materia; a incorporación da pluralidade de experiencias de todas as persoas, reparando na diversidade de subxectividades e identidades de xénero; as referencias bibliográficas de mulleres; a lectura crítica das fontes, atenta aos discursos normativos e non normativos de xénero, co fin de cuestionar interpretacións androcéntricas e incluír a interseccionalidade (Moreno, 2018).

Así mesmo, en todos os instrumentos e modalidades de avaliación, sempre se deben valorar cuestións como o uso dunha linguaxe inclusiva, respectuosa coas opinións das e dos demais e a predisposición a debater e dialogar; a empatía e a asunción dos principios igualitarios e da diversidade (Moreno, 2018).

## Modalidades organizativas das dinámicas docentes

As relacións que se establecen no espazo da aula son condicionantes fundamentais tanto para o proceso de ensinanzaaprendizaxe como para a interacción entre o profesorado e o alumnado. A aula como espazo físico-temporal ha de permitir unha organización flexible conforme as materias que se imparten e os requirimentos das modalidades de ensinanza. Nese sentido, ao eliminar barreiras físicas, como os estrados que xerarquizan o espazo, ou mudar a distribución do mobiliario segundo conveña, ábrese a posibilidade a distintas configuracións de acordo coa disposición dos equipamentos. Por outro lado, as recomendacións recollidas na *Guía para la inclusión de la perspectiva de género en la docencia universitaria*, elaborada pola Red Universidad, Docencia, Género e Igualdad da UA, indican varias estratexias para conseguir espazos inclusivos de comunicación e interacción entre o alumnado, como o traballo en grupos reducidos e moi estruturados onde se supervisan os roles e a distribución dos tempos de participación na aula, que procura o debate respectuoso entre o alumnado (Rodríguez-Jaume *et al.*, 2017).

A modalidade de ensinanza da clase teórica co foco de atención na ou no docente organiza o espazo dun xeito unidireccional. Esta característica, propia da lección maxistral, é pouco versátil para estoutras formas de comunicación de contidos como o seminario ou o obradoiro, onde a interacción entre estudantes e docentes debe ser maior. Na docencia da arquitectura adóitase combinar ambas as modalidades —teórica e práctica—, e o espazo físico debe poder reconfigurarse para o traballo en grupo. No traballo en equipo é mester promover a creación de grupos mixtos e incentivar que todas e todos participen activamente, amais de prestar especial atención a que o papel de líder se alterne. A discusión entre integrantes exixe autonomía e a creación dunha atmosfera que favoreza o intercambio de ideas e de opinións, de xeito que o mobiliario e os equipamentos da aula tamén han de posibilitar e facilitar estes encontros. En contraposición, as titorías hanse de entender como un formato personalizado que tende a recoñecer a diversidade e a especificidade das e dos estudantes. As de

tipo presencial adoitan acontecer nun despacho ou nunha aula de dimensións reducidas que, dentro do posible, debe permitir a permeabilidade visual, no sentido de «ver e ser vista/o», para xerar un ambiente seguro para ambas as partes.

Doutra banda, débese recoñecer e valorar a relevancia da transmisión de coñecemento en ámbitos non regulados, ben fóra, ben dentro dos edificios universitarios, onde a interacción entre persoas tamén pode contribuír ou reforzar a aprendizaxe mutua (Campos e Cuenca, 2016). En consecuencia, é importante considerar que, alén dos límites físicos da aula e da presenza das e dos docentes, o proceso de aprendizaxe continúa conforme as dinámicas que se establecen entre o alumnado. Deste xeito, os espazos de transición e de relación —como os corredores, os patios e as terrazas—, espazos de comunicación ou de equipamentos —como as cafetarías ou os lugares de estancia— poden activarse ademais como espazos de aprendizaxe. Por exemplo, no caso do edificio da Politècnica IV da Universitat d'Alacant, onde se imparten os estudos de Arquitectura, a súa organización espacial posibilita transicións desde os lugares privados aos públicos, desde os espazos interiores das aulas e os despachos ao exterior, con múltiples matices, mediante corredores semicubertos, terrazas e patios, e xera, así, espazos para moverse, relacionarse e atoparse (Gutiérrez-Mozo, Parra-Martínez e Gilsanz-Díaz, 2018). Noutra orde, tamén se incluirían os espazos libres arredor do edificio, os que están dentro do campus (Campos Calvo-Sotelo e Cuenca Márquez, 2016) e mesmo outras contornas como a cidade durante visitas ou viaxes de estudos. Esta multiplicidade de espazos de interacción e aprendizaxe que deben acoller a diversidade do alumnado pódese completar co uso de ferramentas dinamizadoras, como as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), para fomentar o intercambio de ideas e a colaboración.

## Métodos docentes

Se partimos do feito dunha presenza paritaria de homes e mulleres no conxunto de estudantes de Arquitectura, a incorporación da perspectiva

de xénero na súa docencia implica fomentar e estimular o espírito crítico do alumnado. O exercicio de pensamento crítico leva implícito o desenvolvemento da capacidade de discernimento e de autocrítica que permite, entre outras cuestións, profundar nos temas tratados, amosar a multiplicidade de posicionamentos, visibilizar as formas de desigualdade, apoderar as e os estudantes e posibilitar unha actitude transformadora cara a sociedade. Unha docencia da arquitectura máis inclusiva implica a participación activa e diversa de grupos de traballo nos que, a través do diálogo co profesorado, reparando na linguaxe verbal e non verbal, se integren e se interioricen na aprendizaxe todas as cuestións relativas á perspectiva de xénero. Por iso, cómpre fomentar o uso da linguaxe inclusiva na aula, tanto por parte do profesorado como do alumnado, e tamén o desenvolvemento de traballos e investigacións. Por exemplo, substituíndo os termos masculinos por substantivos que designan os dous sexos (estudantado), substantivos colectivos (poboación) e substantivos abstractos (dirección), e empregando imaxes que inclúan a diversidade, onde aparezan mulleres e homes, para evitar os estereotipos e os roles sexistas, amais doutras recomendación que recolle a *Guía para la inclusión de la perspectiva de género en la docencia universitaria* (Rodríguez-Jaume *et al.*, 2017).

No tocante aos contidos teóricos, poden abranguerse desde a sensibilización cara a diversidade que nos arrodea para visibilizar as formas de desigualdade e para que, despois, se poidan analizar de maneira crítica. Para iso, recoméndase que os materiais, as fontes e os recursos bibliográficos que se empregan nas clases inclúan arquitectas, investigadoras e profesionais que pertenzan a minorías sociais e raciais que desenvolvan propostas relevantes no eido da arquitectura para fornecer ao alumnado de referentes novos. Nese sentido, en todos os traballos de investigación é fundamental transmitir ao alumnado a necesidade de cuestionar os sistemas de citación que, no ámbito académico, producen as normas de referencia bibliográfica cando, como denuncia Zaida Muxí (2018), invisibilizan as persoas tras dunha inicial. Así mesmo, a actualización dos fondos das bibliotecas resulta imprescindible para facilitar o acceso a fontes de coñe-

cemento novas que atinxan a perspectiva de xénero. Por exemplo, a adquisición das compilacións de artigos (*reader*) sobre o xénero desde todos os seus significados.

Doutra banda, requírese unha reflexión verbo dos contidos impartidos e os seus enfoques, a fin de repensar o programa das materias desde o marco analítico e crítico que achega a perspectiva de xénero. Por exemplo, propondo combinar clases maxistrais e actividades dirixidas con outras máis abertas á colaboración co alumnado, de maneira que este poida contribuír, coas ferramentas teóricas que proporciona o profesorado, a identificar os estereotipos, as normas e os roles sociais de xénero desde as súas inquietudes propias (González e Virgen, 2018).

No caso da docencia da Arquitectura, o carácter teórico-práctico de seu facilita a incorporación ao grupo de experiencias reais e dinámicas participativas que se vinculan coa actualidade desde as diferentes áreas de coñecemento. Nesta liña, a reivindicación e o exercicio de pensamento crítico son necesarios para fomentar a propia conciencia de xénero e, asemade, para comprometerse como axentes activos da transformación de normas sociais (Rebollo-Catalán, García-Pérez, Piedra e Vega, 2011). Con esa finalidade, poden empregarse numerosos recursos na docencia, como incorporar e discutir noticias de actualidade para, desde as diferentes áreas de coñecemento, tratar a sensibilización e a comprensión de necesidades e actitudes de diversa índole (véxanse, entre outros, os exemplos dos blogs das materias de Composición Arquitectónica da Universitat d'Alacant: https://composicionii.blogspot.com/ e https://compoarq4.blogspot.com/).

O conxunto das materias que se imparten na titulación de Arquitectura é moi variado, pero cada materia é susceptible de incorporar cuestións sensibles á perspectiva de xénero dunha maneira diferente:

- Nas clases teóricas, seleccionar exemplos que contribúan a ampliar as referencias do alumnado, amais de revisar e completar a historiografía da arquitectura coas omisións flagrantes.
- Reducir o androcentrismo na transmisión de coñecemento. Reivindicar o papel das colaboradores e os colaboradores nos proxectos

de arquitectura e na produción do coñecemento, perante o coñecemento individual da figura do arquitecto que ocultou ou relegou moitas arquitectas a un papel secundario.

- Promover e recoñecer o traballo colaborativo e a intelixencia colectiva de homes e mulleres que traballan na arquitectura, como defende Denise Scott Brown (2013).
- Nas materias do bloque técnico, amosar ao alumnado as dificultades e as desigualdades que hai na xestión e na dirección de obras —roles, oficios etc.— para conciencialo e dotalo de ferramentas co fin de afrontar e contribuír a transformar esta realidade.
- Analizar as obras de arquitectura que se escollan como exemplos onde aplicar coñecementos teóricos —nas áreas de construción, instalacións e estruturas— para explicar, por exemplo, a xerarquización dos espazos ou os códigos ocultos e incluír proxectos que permitan visibilizar formas de desigualdade ou estereotipos de xénero.
- Nos seminarios, os obradoiros e as clases prácticas, propor exercicios que favorezan a reflexión sobre cuestións vinculadas á perspectiva de xénero, como a diversidade, a desigualdade, o feminismo, os estereotipos, a idade, as minorías, a seguridade, os coidados etc.
- Nos traballos de campo, fomentar metodoloxías que sexan inclusivas e prestar atención a factores e ferramentas que resulten accesibles en todos

os sentidos, como as indicacións da *Guía de reconocimiento urbano con perspectiva de género* do Col·lectiu Punt 6 (2014).

- Nos estudos de casos, fomentar as clases interactivas e o traballo en grupo e supervisar os roles entre os e as compoñentes (Lamelas, 2013).

# ••05. Recursos docentes para introducir a perspectiva de xénero

O contido desta *Guía* pretende axudar ás e aos docentes a deseñar metodoloxías didácticas sen nesgos de xénero e estratexias que impulsen a mellora dos procedementos, as actitudes e as prácticas habituais. É dicir, a enxeñar programas docentes que incentiven a adopción dunha posición activa e participativa con responsabilidade nos cambios sociais por parte do alumnado; a aplicar técnicas que permitan interrogarse e interrogar sobre como se leva a cabo a propia práctica pedagóxica; a incorporar procesos de transformación dos discursos hexemónicos e manter unha conciencia crítica perante conceptos como ciencia, poder, suxeito, estado (Donoso-Vázquez e Velasco-Martínez, 2014).

Hai que ter en conta que se adicou un apartado específico da *Guía* a recursos pedagóxicos e que, dada a súa importancia e extensión, se articulou nestes subapartados:

- Grupos e proxectos de investigación
- Plans docentes. Materias específicas
- Asociacións. Grupos. Colectivos. Foros de debate
- Guías. Manuais
- Bibliografía de referencia

Ademais, cómpre ter presente que non hai límites estritos entre todos estes recursos e os chamados recursos pedagóxicos, pois nos procesos de ensinanza e aprendizaxe da arquitectura con perspectiva de xénero pódese botar man de calquera deles; esta epígrafe enfócase nos recursos que, pese a seren, de certo, axeitados, mostran unha dificultade maior para se adscribiren ás categorías anteriores.

Entre eles, cabe citar a biblioteca dixital de recursos para a docencia universitaria específicos na inclusión da perspectiva de xénero, desenvolvida pola Red de investigación en docencia universitaria Universidad, Docencia, Género e Igualdad da Universitat d'Alacant: https://bit.ly/3RN-

yHH2. Segundo a Red, a perspectiva de xénero débese introducir de forma transversal; isto é, reparando non só no que se imparte, senón tamén en como se transmite en todos os ámbitos da docencia universitaria (Berná, Rodríguez e Maciá, 2014). O obxectivo principal deste portal é abrir as portas da educación superior ao deseño de materias que inclúan a perspectiva de xénero. Trátase dun espazo en liña onde se poden consultar experiencias, reflexións, prácticas e proxectos implementados na docencia universitaria co fin de fomentar a formación en igualdade de xénero e facilitar a planificación de materias. Contén unha biblioteca específica para Arquitectura: https://bit.ly/3CEVC1Z .

Na mesma liña, a Unidade de Igualdade da Universidad de Oviedo pon a disposición da comunidade universitaria un apartado con ferramentas para incorporar contidos de xénero na docencia, e tamén para obter recursos económicos e subvencións para o desenvolvemento de proxectos de investigación nesta materia: https://bit.ly/2Qc9ri4

Pola súa banda, o Observatorio para a Igualdade da Universitat Autònoma de Barcelona e o Proxecto EGERA (*Effective Gender Equality in Research and the Academia*) elaboraron unha guía co propósito de dar apoio técnico ao profesorado na incorporación da perspectiva de xénero ás materias e aos plans de estudo e de coordinar a implementación desde a necesidade de: «Explicitar a perspectiva de xénero na elaboración das guías docentes e os programas das materias desde un modelo de universidade inclusiva» (Tercer Pla d'acció per la Igualtat entre dones i homes de la UAB 2013-2017): https://bit.ly/2WhsSot.

De igual xeito, a guía *Gender Curricula for Bachelor and Master Coursus. Integra- te Women's and Gender Studies into the Curriculum*, realizada pola Women's and Gender Research Network NRW (North Rhine-Westfalia), recolle recursos ben interesantes para a disciplina arquitectónica, e achega contidos e metodoloxías para a inclusión da perspectiva de xénero na docencia de diversas especialidades universitarias, como a propia arquitectura: https://bit.ly/3VhEzeP .

Cómpre mencionar tamén a IGAR-Tool. Models of the Integration of the Gender Analysis into University Curricula (IGAUC), unha ferramenta para integrar a perspectiva de xénero nas políticas, os programas e os proxectos universitarios: https://bit.ly/3VgPIfA.

Por último, Gendered Innovations, de Stanford University, é un web que desenvolve e amosa casos de estudo sobre os beneficios da inclusión da perspectiva de xénero na docencia e a investigación: https://stanford.io/3fTYYGD.

Noutra orde de cousas, atópase o portal de novas Ameco Press. Información para la igualdad, unha axencia de información especializada en elaborar, difundir e transmitir información periodística desde a perspectiva de xénero: https://bit.ly/3eiwCFn.

Para rematar, velaquí se achega unha listaxe de recursos audiovisuais moi suxestivos polas súas interpretacións culturais, sociais e políticas.


ALONSO VERA, Dolores (2013). *Elogio de la luz Dolores Alonso, navegando contra corriente*. España: RTVE. Recuperado de: https://bit.ly/3rFnwpp.

BÊKA, Ila e LEMOINE, Louise (2008). *Koolhaas HouseLife*. Francia: BêkaFilms.

BENIMANA, Christian (2017). *La próxima generación de diseñadores y arquitectos africanos.* Estados Unidos: TED Ideas worth spreading. Recuperado de: https://bit.ly/3EtZghl.

BLYSTONE, John G. (1937). *Woman Chases Man*. Estados Unidos: Samuel Goldwyn. Cantis, Ariadna (2015). *Arquitectas.* España: CentroCentro. Concello de Madrid. Recuperado de: https://bit.ly/3Cn2VLu.

COHN, Jason e JERSE, Bill (2011). *Charles y Ray Eames. El arquitecto y la pintora.* España: Arquia/Documental.

COHN, Mariano (2009). *El hombre de al lado*. Arxentina: A contracorriente Films. EPSTEIN, Rob e FRIEDMAN, Jeffrey (1995). *The Celluloid Closet*. Estados Unidos: TriStar Pictures.

FORD, Tom (2009). *A Single Man*. Estados Unidos: Artina Films.

FREARS, Stephen (1985). *My Beautiful Laundrette.* Reino Unido: Working Title Films. HAIGH, Andrew (2011). *Weekend*. Reino Unido: Synchronicity Films.

HAYNES, Todd (2015). *Carol*. Reino Unido e Estados Unidos: Film4 Productions.

HAMMOND, Robert e TYRNAUER, Matt (Prods.) (2017). *Citizen Jane. Battle for the city.* Estados Unidos: Rockefeller Foundation and Ford Foundation / JustFilms.

HERINGER, Anna (2017). *The Warmth and Wisdom of Mud Buildings.* Estados Unidos: TED Ideas worth spreading. Recuperado de: https://bit.ly/3RRDUxw.

HOGG, Joanna (2013). *Exhibition.* Reino Unido: BBC Films.

KAHN, Nathaniel (2003). *My Architect: A Son's Journey.* Estados Unidos: New Yorker Films / HBO Documentary.

KÉRÉ, Diébédo Francis (2013). *How to Build with Clay... and Community.* Estados Unidos: TED Ideas worth spreading. Recuperado de: https://bit.ly/3elMC9F.

LIVINGSTON, Jennie (1990). *Paris is Burning*. Reino Unido e Estados Unidos: Miramax.

MENDONCA, Kleber (2016). *Aquarius*. Brasil: Arrow Academy.

MOCK, Freida Lee (1994). *Maya Lin: A Strong Clear Vision.* Estados Unidos: Ocean Releasing.

MURPHY, Michael (2016). *Architecture that's built to heal.* Estados Unidos: TED Ideas worth spreading. Recuperado de: https://bit.ly/3rKgkYU.

RTVE (2019). *Escala humana.* España: RTVE. Recuperado de: https://bit.ly/3RWqO2k.

RUKSCHCIO, Belinda (2013). *Poesía Precisa. La arquitectura de Lina Bo Bardi.* España: Arquia/Documental.

TAUBER, Matt (2006). *The Architect*. Estados Unidos: Sly Dog Films.

VIDOR, King (1949). *The Fountainhead.* Estados Unidos: Warner Bros Pictures. WONG, Kar-wai (1997). *Happy together.* Hong Kong: Kino.

ZIMMERMAN, Andrea Luka (2015). *Estate, a Reverie.* Reino Unido: Fugitive Images Prod.

## ••06. Ensinar a investigar con perspectiva de xénero

Parece difícil entender un proxecto de arquitectura no que, pretendendo ser consecuente cos seus propios fins, non se valore facer unha investigación previa. Aínda que non sempre se produce unha simbiose total entre o proxecto e a investigación —dada a radicalidade desta formulación—, consonte a tese de Bernard Tschumi (2005), en todas as arquitecturas converxen un concepto —a idea que achega coherencia e identidade a un proxecto—, un contexto —histórico, xeográfico, cultural— e un contido —o que acontece na arquitectura ou grazas a ela—. Isto obriga, cando menos, a investigar minimamente de que se trata —o tema—, onde está —a localización— e para quen e como se fai a arquitectura. Xa que logo, ora para aliñarse cunha serie de referentes, ora para contestalos, pescudar acerca da xenealoxía e as implicacións dunha idea, acerca da xeografía física e cultural dun lugar e, sobre todo, acerca das necesidades de quen usará a arquitectura, é unha condición necesaria do proxecto, pero non abonda. A investigación na arquitectura, quer como finalidade en si mesma para introducir coñecemento, quer como instrumento que achega ao proxecto, pola súa natureza proteica, precisa, entre outras, da perspectiva de xénero como un apoio imprescindible para construír o marco analítico e conceptual desde onde operar para modificar un escenario determinado ou producir resultados na dirección desexada.

Na titulación de Arquitectura e de grao en Fundamentos da Arquitectura, os plans de estudo non prevén, agás excepcións e sempre a través de materias optativas, a formación en investigación de arquitectos e arquitectas e, no entanto, cómpre insistir: todo proxecto arquitectónico, con independencia da amplitude deste termo, debería estar precedido dunha investigación que sosteña a intuición e a toma de decisións (Gutiérrez Mozo-ACPII, 2019). En Arquitectura, ensinar a investigar debe axudar outrosí a reforzar as facultades críticas do alumnado: discernir e xulgar.

Trátase, pois, dun proceso que debe ir penetrando en cada chanzo: acostumar ás e aos estudantes desde o inicio da súa formación a concibir os proxectos e os temas de traballo como pequenas investigacións; ensinarlles a descubrir situacións e a valorar referentes que lles permitan conectar as súas ideas cun coñecemento previo, apoiándose en quen as pensaron antes ou as entenderon doutro xeito, contrastándoas ou cuestionándoas e, asemade, a conxugar e a exercer, respectivamente, as súas arelas e os seus dereitos para contribuír ao progreso colectivo coas súas propias descubertas. Esta maneira de encarar o proxecto de arquitectura desde os inicios da formación é, ademais, o mellor antídoto contra unha tentación dobre e inxenua: sucumbir ao peso do pasado dando por bo todo o que nos legou a tradición e, no polo oposto, considerar que todas as achegas han de supor unha ruptura co anterior e que niso se mide, por riba, o progreso.

Pola súa atención á diversidade, a perspectiva de xénero permite deseñar proxectos e metodoloxías proxectuais que conciben a arquitectura como unha ensamblaxe cultural, política, social, ecolóxica e tecnolóxica capaz de xerar miradas anovadoras sobre o medio construído, a paisaxe e o territorio, e mais de achegarnos con sensibilidade á pluralidade de maneiras de ser e de estar no mundo de quen o habita. Nese sentido, a investigación en arquitectura con perspectiva de xénero debe percorrer tres fases no desenvolvemento de cada profesional do porvir: fomentar actitudes —no grao—, desenvolver procedementos —TFG, TFM— e, por último, interpretacións orixinais da realidade —nos estudos de doutorado— que teñan en conta este marco de análise teórico e conceptual. Polo tanto, ensinar a investigar cun enfoque de xénero é acompañar e animar ao alumnado a adoptar un posicionamento crítico desde que é receptor ata que se converte en produtor de coñecemento.

Precisamente por isto, ensinar a investigar con perspectiva de xénero debe axudar a transformar tanto ao suxeito que investiga como á cidadanía na que reverte esa investigación, mediante cambios de mentalidade que fagan avanzar á sociedade cara un horizonte máis xusto, inclusivo e igualitario.

No contexto español, a entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, proporcionou un marco de referencia indispensable que inspirou a lexislación que ordena a educación superior co fin de conseguir unha igualdade real de oportunidades en calquera ámbito profesional. Ao abeiro deste marco, a Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril (LOMLOU), que modifica a Lei Orgánica de Universidades do 2001, ou o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, achegan os alicerces que sustentan as medidas específicas dirixidas a promover a ensinanza e a investigación como eixes que levan ao «coñecemento e desenvolvemento dos dereitos humanos, os principios democráticos, os principios de igualdade entre mulleres e homes, de solidariedade, de protección medioambiental, de accesibilidade universal e deseño para todos *(sic)*, e de fomento da cultura da paz» (Real Decreto 1393/2007).

Como sinala Inés Sánchez de Madariaga en *Libro Blanco. Situación de las mujeres en la ciencia española* (2011), calquera ámbito de investigación deberá favorecer a incorporación da perspectiva de xénero como unha categoría transversal, de maneira que se teña en conta a súa relevancia en todos os aspectos e protocolos da investigación, desde a definición de prioridades, os problemas que derivan dela, os marcos teóricos, o emprego ou a construción de metodoloxías, a recollida e a interpretación de datos —case sempre desagregados por sexo—, as conclusións, as súas aplicacións e as propostas de estudos futuros.

Se cadra, en comparación con outras disciplinas humanísticas, como a Filosofía ou as Ciencias Sociais, mais tamén con moita vantaxe sobre outras ensinanzas técnicas, a docencia e a investigación na arquitectura incorporaron máis amodo a reflexión sobre o alcance da igualdade entre persoas, se ben, como sostén Lucía Pérez-Moreno (2018), os vínculos desta disciplina cos estudos e as perspectivas de xénero son numerosos. Así pois, poden considerarse posicións ben diversas como, dunha banda, a do axente, quen exerce a arquitectura —e, daquela, múltiples desigualdades entre homes e mulleres durante a etapa formativa e o exercicio profesio-

nal, ben liberal ou por conta allea, ben docente ou na función pública etc.— e, doutra, a de quen usa a arquitectura e o xeito no que a usa, xa que esa experiencia aínda, e pese aos esforzos feitos, está claramente determinada por condicionantes de xénero.

